

Produto interior bruto


O PIB galego incrementouse no último trimestre do ano 2018 en 0,7 décimas, o que o leva a un incremento interanual do 2,6%. Este valor supera nunha décima ao rexistrado en toda España no trimestre, e en tres décimas ao correspondente valor interanual estatal. Con estes valores, o PIB galego para 2018 fica no 2,6%, superando en tres décimas ao valor estatal, que resulta ser dun 2,3%. O avance da previsión do PIB estatal para o primeiro trimestre do ano calcula un incremento dunha décima para o seu valor trimestral e interanual (0,7% e 2,4%, respectivamente).

Variación interanual porcentual do PIB (Índices de volume encadeados, referencia ano 2010=100. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2012-2018 (*)

	% (T/T-4)	2014	2015	2016	2017	2018	1T15	2T15	3T15	4T15	1T16	2T16	3T16	4T16	1T17	2T17	3T17	4T17	1T18	2T18	3T18	4T18
Galicia		1,3	2,4	3,1	3,1	2,8	1,6	2,5	3	3,6	3,5	3,3	3,6	3,1	3,2	3,2	3,2	3,1	3,1	2,9	2,5	2,6
España		1,4	3,6	3,2	3,0	2,6	2,9	3,4	3,6	3,8	3,8	3,5	3,2	2,3	2,9	3,1	2,9	3,1	2,9	2,6	2,5	2,3

Fuentes: INE (Contabilidade Nacional Trimestral), IGE

O gráfico representa a evolución da variación interanual dos PIB galego e estatal dos últimos sete anos. A nivel estatal, o dato interanual do PIB prosegue a súa tendencia descendente dos últimos catro trimestres, nos cales o valor sufriu unha diminución no seu ritmo de crecemento de oito décimas. No que respecta a Galicia, o PIB tamén está a crecer máis lentamente nos últimos trimestres, se ben a redución do crecemento do PIB foi no caso galego máis reducida, de cinco décimas.



Poboación activa, paro rexistrado, contratación, afiliación á Seguridade Social

No primeiro trimestre de 2019 a *Enquisa de Poboación Activa* (EPA) reflicte para Galicia unha diminución total da poboación activa de -2.900 persoas respecto do trimestre anterior (o -0,2%, descenso que está en liña ao rexistrado no conxunto do Estado. No intervalo interanual, o descenso en Galicia da poboación activa foi de -2.500 persoas (-0,2%) mentres que en España, a poboación activa incrementouse nos últimos 12 meses en máis de 155.000 persoas. Pola súa banda, o número de persoas ocupadas reduciuse en Galicia en -7.900, o que supón unha redución do -0,7%, máis intensa neste caso que a rexistrada en España, onde a redución da ocupación respecto ao cuarto trimestre de 2018 foi dun -0,7%. En termos interanuais, a evolución segue a ser positiva, cun incremento do 2,9% e 30.100 persoas ocupadas máis, sendo o dato correspondente para o conxunto do Estado un incremento total de 596.900 persoas ocupadas, o 3,2% máis. A taxa de ocupación acadou en Galicia o 46,3% no primeiro trimestre, valor inferior en 3,5 puntos porcentuais á taxa de ocupación rexistrada en España no período de referencia, que foi do 49,8%. Para rematar coa análise da EPA do 1º trimestre de 2018, o número de persoas en paro en Galicia fíxase en 153.900, un incremento respecto do trimestre anterior do 3,4% (5.000 persoas paradas máis) e a taxa de paro rexistrada para Galicia fica no 12,5%, mentres que a rexistrada en España foi de 14,5%, pois o paro incrementouse en 49.900 persoas no trimestre, para un total de 3.354.200 persoas.

Valores Poboación Activa Galicia-España, 1º Trimestre 2019

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferencia	Porcentaxe	Diferencia	Porcentaxe
Galicia	1.234,2	-2,9	-0,2	-2,5	-0,2
España	22.825,4	-43,5	-0,2	155,1	0,7

Fonte: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

O *Boletín Mensual do Paro Rexistrado* amosa que en Galicia o primeiro trimestre de 2019 remata cun lixeiro incremento no número de persoas en paro respecto do trimestre anterior, sen que o incremento producido en xaneiro fose compensado por completo cos descensos rexistrados en febreiro e marzo. Segue a observarse un comportamento máis positivo entre os traballadores homes, con menor intensidade na destrución de emprego e maior intensidade na súa creación, de xeito que, no conxunto do trimestre, reduciuse o paro masculino e incrementouse o feminino.

En taxa interanual e por sector de actividade, o sector servizos e o colectivo de persoas sen emprego anterior foron os únicos para os que o paro medrou no conxunto do trimestre, sendo o sector servizos o sector que, en cómputo interanual, presentou menor redución do paro rexistrado, con variacións entre o -5% e o -6%. A maior redución observouse na construción, con valores de redución do paro rexistrado entre o -18% e o -21%, seguido, aínda que a certa distancia, do sector industrial. Para rematar, e respecto dos grupos de idade, a redución interanual do paro rexistrado foi maior no grupo de persoas traballadoras entre 30 e 44 anos, con 4 puntos porcentuais máis de redución que o resto dos grupos de idade, sendo o único grupo de idade no que no que houbo redución neta do paro rexistrado no trimestre.

Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 1º Trimestre 2019

1T2019	Mes actual			variación mes anterior			%variación mes anterior			variación mes ano anterior			%variación mes ano anterior		
	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo
TOTAL	174.800	173.709	170.841	5.505	-1.091	-2.868	3,3%	-0,6%	-1,7%	-15.086	-14.498	-14.262	-7,9%	-7,7%	-7,7%
Homes	75.186	74.453	72.298	1.803	-733	-2.155	2,5%	-1,0%	-2,9%	-8.005	-7.580	-8.254	-9,6%	-9,2%	-10,2%
Mulleres	99.614	99.256	98.543	3.702	-358	-713	3,9%	-0,4%	-0,7%	-7.081	-6.918	-6.008	-6,6%	-6,5%	-5,7%
<30 anos	22.460	22.858	22.474	1.305	398	-384	6,2%	1,8%	-1,7%	-1.793	-1.516	-1.479	-7,4%	-6,2%	-6,2%
entre 30 e 44 anos	59.589	58.806	57.283	2.208	-783	-1.523	3,9%	-1,3%	-2,6%	-6.624	-6.536	-6.609	-10,0%	-10,0%	-10,3%
>44 anos	92.751	92.045	91.084	1.992	-706	-961	2,2%	-0,8%	-1,0%	-6.669	-6.446	-6.174	-6,7%	-6,5%	-6,3%
Agricultura e Pesca	6.659	6.478	6.170	76	-181	-308	1,2%	-2,7%	-4,8%	-443	-599	-559	-6,2%	-8,5%	-8,3%
Industria	19.706	19.492	19.024	13	-214	-468	0,1%	-1,1%	-2,4%	-1.924	-1.795	-2.235	-8,9%	-8,4%	-10,5%
Construción	14.960	14.518	13.987	-3	-442	-531	0,0%	-3,0%	-3,7%	-3.326	-3.307	-3.741	-18,2%	-18,6%	-21,1%
Servizos	119.486	118.945	117.193	5.537	-541	-1.752	4,9%	-0,5%	-1,5%	-8.042	-7.535	-6.419	-6,3%	-6,0%	-5,2%
Sen emprego anterior	13.989	14.276	14.467	-118	287	191	-0,8%	2,1%	1,3%	-1.351	-1.262	-1.308	-8,8%	-8,1%	-8,3%

Fonte: Boletín mensual de paro rexistrado, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Xunta de Galicia

O *Boletín Mensual de Contratación* para os tres primeiros meses do ano indica que no primeiro trimestre asináronse 226.756 contratos novos en Galicia, que supoñen un descenso do -12,8% respecto ao 4º trimestre do 2018, e un incremento dun 0,7% respecto do número de novos contratos no 1º trimestre do ano pasado. Por sectores de actividade, o sector servizos foi o que tivo peor comportamento, cun descenso na contratación que superou o -18%, seguido do sector agrícola / pesqueiro, no que o descenso foi menor, dun -3%. Nos sectores da construción e da industria a contratación incrementouse neste trimestre, no caso da construción fíxoo por riba do 20%. Porén, en termos interanuais a contratación incrementouse en todos os sectores excepto o industrial, facéndoo con maior intensidade no sector primario e no da construción, con incrementos no entorno do 10% e do 7% respectivamente. Se atendemos ao tipo de contrato asinado, rexistrouse diminución do número de contratos asinados en todos os tipos de contrato, se ben, en termos trimestrais, o dato menos negativo correspondeu á contratación indefinida, que diminuíu catro puntos porcentuais menos que a media do total de contratos. Respecto do primeiro trimestre de 2018, o lixeiro aumento da contratación cabe adxudicalo exclusivamente á contratación temporal, a única que incrementouse respecto a fai catro trimestres, con diminución da contratación indefinida por riba do -3%, e diminucións máis acusadas na contratación en prácticas / formación, e na categoría de “outros”.

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 1º Trimestre 2019

1º Trimestre 2019	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre año anterior	% Var. trimestre año anterior
	226.756	-33.406	-12,8%	1.598	0,7%
Homes	119.083	-12.857	-9,7%	2.466	2,1%
Mulleres	107.673	-20.549	-16,0%	-868	-0,8%
<30 anos	69.331	-14.664	-17,5%	-853	-1,2%
entre 30 e 44 anos	98.312	-10.998	-10,1%	-193	-0,2%
>44 anos	59.113	-7.744	-11,6%	2.644	4,7%
Indefinido	22.234	-2.121	-8,7%	-752	-3,3%
Temporal	201.766	-28.818	-12,5%	2.933	1,5%
Prácticas / Formación	1.458	-2.270	-60,9%	-366	-20,1%
Otros	1.298	-197	-13,2%	-217	-14,3%
Agricultura e Pesca	7.319	-228	-3,0%	649	9,7%
Industria	39.092	2.251	6,1%	-719	-1,8%
Construción	12.594	2.473	24,4%	805	6,8%
Servizos	167.751	-37.902	-18,4%	863	0,5%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación , Consellería de Economía, Emprego e Industria

A variación mes a mes dos datos da Tesourería Xeral da Seguridade Social no primeiro trimestre de 2019 amosa para Galicia a tendencia habitual para o primeiro trimestre nos últimos anos: decrecemento da afiliación no mes de xaneiro e incrementos nos meses de febreiro e marzo. Concretamente, en xaneiro a afiliación baixou un -1,4% con respecto do mes anterior, e crecemento nos meses de febreiro e marzo do 0,5% e do 0,7% respectivamente. En termos interanuais, pola contra, o incremento da afiliación mantivo un ritmo constante ao longo deste trimestre, con crecementos porcentuais para cada ún dos tres meses entre o 1,9% e o 2%. O comportamento desta variable no ámbito estatal seguiu unha tendencia moi similar tanto en termos intermensuais como interanuais, se ben nestes últimos a porcentaxe de incremento da afiliación supera á galega nun punto porcentual, o que significa que o diferencial de crecemento da afiliación entre Galicia e España aumentou neste trimestre.

Datos de afiliación á Seguridade Social. Galicia-España, 1º Trimestre 2019

	Afiliacións media 1º Trim 2019			Variacións											
				mes anterior						interanual					
	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo
Galicia	992.370	997.311	1.004.405	-13.738	4.941	7.094	-1,37%	0,50%	0,71%	18.908	18.822	19.521	1,94%	1,92%	1,98%
España	18.819.300	18.888.472	19.043.576	-204.865	69.172	155.104	-1,08%	0,37%	0,82%	537.269	524.958	541.488	2,94%	2,86%	2,93%

Fonte: IGE Informe de afiliación á Seguridade Social (segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridad Social)

Sinistralidade

O avance de datos anuais facilitados polo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) para o ano 2018 amosa un preocupante incremento dos accidentes mortais en xornada laboral (16,3%), logo dun pésimo último trimestre do ano no que faleceron 18 persoas por accidente laboral.

Os accidentes leves con baixa incrementáronse lixeiramente (2,4%) e tiveron unha pequena diminución os accidentes graves con baixa (-1,6%). Por sectores de actividade, o incremento dos accidentes mortais débese ao incremento destes no sector primario, mentres os sectores industrial, da construción e de servizos rexistraron no seu conxunto o mesmo número de accidentes mortais que no ano anterior. No que atinxe aos accidentes leves e graves, en ambos casos foi o sector da construción o que rexistrou o maior incremento no número de accidentes, mentres que o sector servizos foi o único no que os accidentes diminuíron para ambas as dúas categorías.

Accidentes con baixa en xornada laboral por sectores de actividade en Galicia (Xaneiro-December 2017/2018)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2017	2018	% Var	2017	2018	% Var	2017	2018	% Var	2017	2018	% Var
Agricultura	1.239	1.237	-0,2	58	62	6,9	4	7	75,0	1.301	1.306	0,4
Pesca	962	975	1,4	47	40	-14,9	6	10	66,7	1.015	1.025	1,0
Industria	8.120	8.695	7,1	99	96	-3,0	4	5	25,0	8.223	8.796	7,0
Construción	3.230	3.465	7,3	73	93	27,4	13	11	-15,4	3.316	3.569	7,6
Servizos	13.257	13.089	-1,3	160	139	-13,1	16	17	6,3	13.433	13.245	-1,4
Total	26.808	27.461	2,4	437	430	-1,6	43	50	16,3	27.288	27.941	2,4

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

No que respecta á evolución dos índices de incidencia no 2018, o índice total diminuíu respecto ao ano anterior, debido de xeito destacado á diminución do índice de incidencia observada no sector servizos (redución de máis dun -4% nos accidentes leves, e aínda maior nos graves (-15,6%). Pola contra, o índice de incidencia dos accidentes mortais incrementouse en todos os sectores de actividade salvo a construción, facéndoo con especial intensidade na agricultura e na pesca.

Índice de incidencia por sectores de actividade e gravidade. Galicia (Xaneiro-December 2017/2018)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2017	2018	% Var	2017	2018	% Var	2017	2018	% Var	2017	2018	% Var
Agricultura	3.916,1	3.972,3	1,4	183,3	199,1	8,6	12,6	22,5	77,8	4.112,0	4.193,8	2,0
Pesca	5.139,2	5.233,5	1,8	241,1	214,7	-10,9	32,1	53,7	67,5	5.412,3	5.501,9	1,7
Industria	6.380,5	6.577,5	3,1	77,8	72,6	-6,6	3,1	3,8	20,4	6.461,4	6.653,9	3,0
Construción	6.471,0	6.530,2	0,9	146,3	175,3	19,8	26,1	20,7	-20,4	6.643,3	6.726,2	1,2
Servizos	2.296,2	2.202,1	-4,1	27,7	23,4	-15,6	2,8	2,9	3,2	2.326,7	2.228,4	-4,2
Total	3.330,7	2.398,9	-0,6	54,3	51,8	-4,5	5,3	3,9	12,8	3.390,4	3.368,8	-0,6

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

Conflitividade

Os datos provisionais facilitados polo Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social para 2018 indican unha redución da conflitividade en Galicia en todas as variables, cunha redución dun -13,1% no número de folgas convocadas e do -66,3% no número de persoas traballadoras participantes nelas. As xornadas non traballadas tamén diminuíron, facéndoo por riba do -61%. A nivel nacional, o número de folgas tamén se reduciu, se ben o fixo en menor medida que en Galicia, e o mesmo sucedeu respecto do número de persoas traballadoras. Porén, as xornadas non traballadas incrementáronse ao redor dun 7% respecto das non traballadas por este concepto no ano 2017.

(Exclúense desta comparación as folgas xerais que tiveron lugar en Cataluña os pasados 03.10.2017 e 08.11.2017)

Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas Galicia-España 2018

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	66	-10	13.426	-26.551	61.855	-97.711
España	726	-5	338.671	-144.243	907.631	56.187

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social

(datos provisionais)

Expedientes de Regulación de Empleo

Os últimos datos dispoñibles na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria sobre Expedientes de regulación de emprego corresponden ao mes de outubro de 2018, datos que xa foron recollidos na edición anterior deste Boletín.

O análise da *Estadística de Regulación de Empleo*, publicada polo Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social recolle datos estatísticos actualizados para o conxunto de 2018. Se ben non recolle datos por número de expediente e Comunidade Autónoma que permitan un cotexo máis directo cos facilitados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, si que inclúe datos por traballadores afectados e tipo de expediente de regulación de emprego. Así, en 2018 observouse en Galicia un aumento do 82,2% no número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego, para un total de 6.083 persoas traballadoras. Os expedientes de suspensión de contratos son o único tipo de expediente no que se rexistra incremento no número de persoas traballadoras afectadas (4.939, o 153,4%), mentres que os de despedimentos colectivos reducíronse nun -5,7% e os de redución de xornada, nun -53,1%). As porcentaxes da diminución do número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de despedimento colectivo ou de redución de xornada a nivel estatal son moi similares ás rexistradas en Galicia. As afectadas por expedientes de suspensión de contratos, pola súa banda, tamén reflectiron un incremento no conxunto de España, pero menor ao rexistrado en Galicia (74,6%)

A *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* do INE para o cuarto trimestre de 2017 indica que o valor medio do custo laboral por persoa traballadora e mes foi de 2.417,6 € no trimestre, o que supón unha diminución con respecto ao último trimestre de 2017 do -0,4%; rematado xa o ano 2018, o custo laboral por persoa traballadora e mes incrementouse nun 1,1%, o segundo maior incremento dos últimos cinco anos. O custo salarial tivo un comportamento similar, con diminución do valor por persoa traballadora e mes respecto do último trimestre do ano anterior, e incremento global no conxunto do ano 2018. En concreto, o custo salarial por persoa traballadora e mes medrou nun 1,4%, idéntico valor ao rexistrado en 2017, acadando un valor total de 1711,5 €.

No relativo aos custos por hora efectiva, a situación é moi similar á xa descrita: diminucións respecto ao 4º trimestre de 2017 en custos laborais e salariais, e incrementos para 2018, co único matiz de que, no conxunto de 2018 o incremento do custo laboral por hora efectiva foi superior en cinco décimas ao incremento do custo salarial

Custos laborais e salariais. Galicia. 2013-2018

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.
2013	2.260,2	2,4	-----	-----	1.656,0	2,3	-----	-----
2014	2.261,4	0,0	-----	-----	1.654,0	0,0	-----	-----
2015	2.246,2	-0,7	17,2	0,3	1.649,0	-0,3	12,6	0,8
2016	2.248,3	0,1	17,4	1,3	1.655,0	0,4	12,8	1,5
2017	2.288,9	1,8	17,7	1,4	1.687,4	1,4	13,0	1,6
2018	2.313,2	1,1	17,9	1,3	1.711,5	1,4	13,1	0,8
1T15	2.175,0	0,2	16,1	1,8	1.582,0	0,6	11,7	2,4
2T15	2.249,0	-2,1	16,7	-2,2	1.635,8	-2,2	12,2	-2,2
3T15	2.196,2	-0,4	17,5	-0,2	1.601,9	0,0	12,8	0,2
4T15	2.370,6	-0,3	18,3	1,9	1.775,8	0,4	13,7	2,7
1T16	2.203,1	1,3	16,8	4,3	1.596,2	0,9	12,2	3,7
2T16	2.232,7	-0,5	16,4	-1,9	1.640,6	0,3	12,0	-1,2
3T16	2.213,6	0,8	18,0	2,7	1.624,0	1,4	13,2	3,3
4T16	2.343,7	-1,4	18,3	-0,1	1.759,1	-0,9	13,8	0,1
1T17	2.209,8	0,3	16,1	-4,2	1.610,0	0,9	11,7	-3,6
2T17	2.259,7	1,2	17,1	4,3	1.662,6	1,3	12,6	4,4
3T17	2.258,4	2,0	18,4	2,3	1.651,6	1,7	13,4	2,0
4T17	2.427,6	3,6	19,0	3,8	1.825,5	3,8	14,3	4,0
1T18	2.245,6	1,6	17,0	5,4	1.630,8	1,3	12,3	5,0
2T18	2.301,9	1,9	17,0	5,4	1.699,6	2,2	12,4	-0,9
3T18	2.287,6	1,3	18,6	1,1	1.699,6	0,9	13,5	0,7
4T18	2.417,6	-0,4	19,0	-0,4	1.815,9	-0,5	14,2	-0,5

Fonte: INE (Encuesta trimestral de coste laboral)

Sociedades constituídas, disoltas e ampliacións de capital

No primeiro trimestre de 2019 constituíronse 1.139 sociedades mercantís, dato que representa un incremento superior ao 20% no número de sociedades constituídas respecto do trimestre anterior, producíndose tamén un incremento de máis do dobre do capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 1º Trimestre 2019

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	%variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto ao mesmo trimestre do ano pasado	%variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	1.139	114.936,3	195	110,6%	-27	97,6%
Sociedades que ampliaron capital	396	165.699,0	114	48,0%	-1	-78,6%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

respecto daquelas que se constituíron no trimestre pasado. Respecto do mesmo trimestre do ano anterior reduciuse lixeiramente o número de novas sociedades mercantís, se ben o capital de constitución tamén estivo a piques de dobrar o das empresas constituídas no primeiro trimestre de

2018. En canto ao número de sociedades que ampliaron capital, a tendencia foi similar: incremento en número e capital respecto do trimestre anterior, e practicamente o mesmo número de sociedades constituídas que no primeiro trimestre de 2018, se ben as constituídas este ano o foron con moito menos capital inicial que entón.

En canto as disolucións de sociedades mercantís como a redución de capital das mesmas se incrementaron notablemente respecto do último trimestre de 2018, se ben o número de sociedades disolvidas mantívose por debaixo das que o fixeron no primeiro trimestre do ano pasado.

Ademais, neste trimestre rexistráronse seis procesos de escisión de empresas, 21 de fusión e 75 entraron en situación concursal (oito máis que no trimestre anterior e 45 máis que no primeiro trimestre de 2018)

Sociedades mercantís disoltas, que reducen capital ou en situación concursal, 1º Trimestre 2019

	1T19	4T18	1T18
Sociedades disolvidas	555	377	610
Sociedades que reducen capital	96	61	89
Sociedades en situación concursal	75	67	30

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Neste trimestre rexistráronse 24 solicitudes de mediación e arbitraje ao abeiro do AGA, en liña co número de expedientes que tiveron entrada no mesmo período do ano pasado. A porcentaxe de expedientes tramitados pechados con acordo entre as partes acadou neste trimestre o 87%.

No que atinxe á negociación colectiva proseguíu a actividade do Consello con xuntanzas na procura da sinatura de diversos convenios de sector. Neste trimestre asinou o VI convenio colectivo de sector de Pompas fúnebres de Galicia, cuxa mesa negociadora ten como eido de negociación este Consello.

No exercicio da súa función consultiva, a Comité Delegado de Ditames do Consello Galego de Relacións Laborais emitiu 14 ditames sobre ordes reguladoras de distintos aspectos do eido laboral, de novo en liña cos emitidos no primeiro trimestre de 2018

Pode consultar máis información específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva do Consello:

<https://www.cgri.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>

Consello Galego de Relacións Laborais

<https://www.cgri.gal/publicacions-2/sociolaboral/boletins/>

Algalia de Abaixo, 24 - 15781 Santiago de Compostela - Teléfono 981 541 601 - Fax 981 541 610

